



MEDIO AMBIENTE
CONCELLO DE FOZ
CENIMA - Avda. da Ribeira, s/n
27780 FOZ (Lugo)

Teléfono
982 13 31 59

NOTA INFORMATIVA MEDIO AMBIENTE

Dende o departamento de Medio Ambiente do Concello de Foz queremos facer un **CHAMAMENTO XENERALIZADO CON RESPECTO Á CONCIENCIACIÓN DE TER UN POBO LIMPO E O RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE.**

Dende o servizo de recollida de lixo estanse detectando moitas eivas nos depósitos de lixo, que en moitas ocasións están a facerse dunha maneira incorrecta. En canto á súa **segregación**, aparecen multitude de cousas no colector que non corresponde, aparecen restos de orgánicos que se depositan directamente nos colectores sen bolsa, aparecen bolsas fóra dos colectores cando estes non están cheos e un longo etcétera.

Atopamos todos os días **enseres**, mobles vellos , electrodomésticos, etc ao lado dos colectores. Lembrar que no mes de agosto non haberá recollida de enseres polos domicilios o último xoves de mes. Recoller todos os días estes residuos supón un esforzo extra de persoal, que ten que deixar de facer outros traballos para poder corrixir e limpar as rúas destas malas prácticas. O **PUNTO LIMPO** de Escanlar (en Vilaronte) estará aberto no seu horario habitual como todo o ano, os luns, mércores e venres en horario de 09:00h a 13:00h e de 16:00h a 18:00h e, os sábados, de 09:00h a 13:00h. Alí podedes depositar todos eses enseres **sen ningún tipo de custe**. No mes de setembro voltaremos a facer a recollida polos domicilios. Podedes anotarvos no teléfono 982133159, ou na oficina de Medio Ambiente no primeiro andar do edificio do Cenima no Porto.

As caixas de **cartón** hai que plegalas e metelas no colector de papel e cartón, non se deben deixar amoreadas ao redor dos mesmos, sobre todo si é fin de semana. O fin de semana non temos recollida de cartón. Pedimos especialmente aos locais de hostalería, supermercados e tendas, que si non hai



MEDIO AMBIENTE
CONCELLO DE FOZ
CENIMA - Avda. da Ribeira, s/n
27780 FOZ (Lugo)

Teléfono
982 13 31 59

sitio no colector, deixen os residuos de cartón no almacén ata o día en que pase a recollida. Só hai recollida de cartón os martes e os venres en horario de mañá. Si por exemplo deixamos o sábado ou o domingo cartón fóra do colector, estará na rúa até o martes.

Entre todos debemos traballar para reverter esta situación. Dikir que para a semana do 19 comezarán a traballar co lavado dos colectores que se contratou, debemos ser rigorosos á hora de depositar o lixo, facelo sempre en bolsas pechadas, para así garantir que ao día seguinte non están de novo dando mal olor como si non se tiveran lavado.

Pedimos **DESCULPAS** pola tardanza na recollida de lixo o martes 6, sufrimos dúas avarías nos camións de recollida que retrasaron e prolongaron o traballo até primeira hora da tarde. Parabenizar aos traballadores municipais de recollida, xardinería e limpeza e aos traballadores das empresas de recollida selectiva, xardinería e limpeza, polo esforzo e polas ganas que lle poñen día a día para tratar de facer ben o seu traballo e que o Concello de Foz estea o mellor posible. Tamén cando os demais non colaboramos e non lles facilitamos a tarefa. Parabenizar tamén a todas esas persoas que si teñen o compromiso e conciencia co medio ambiente, colaborando en non encochar e segregando e depositando correctamente os residuos.

Por outra banda, estanse a acometer os **DESBROCES E LIMPEZA DE MALEZA** de rúas, camiños, parques, paseos, fontes, etc do casco urbano e as parroquias. Pouco a pouco imos chegando e limpando esa grande cantidade de maleza acumulada dende fai tempo. Pregámosvos paciencia e pedímosvos que acudades a nós para poñer no noso coñecemento esas accións que consideredes máis urxentes ou que puidesen quedarnos esquecidas. Estamos traballando para chegar a todos os sitios.



MEDIO AMBIENTE
CONCELLO DE FOZ
CENIMA - Avda. da Ribeira, s/n
27780 FOZ (Lugo)

Teléfono
982 13 31 59

No **saneamento** queremos incidir na mala práctica de tirar polo inodoro toallíñas de papel, bastonciños, tampóns e outro tipo de obxectos que non deben ir ao saneamento. Non vos imaxinades os problemas que causan en bombas, tubaxes, arquetas, estacións depuradoras, etc.

É importante que nos concienciemos en reverter este tipo de prácticas para conseguir un mellor funcionamento no servizo de canalización e depuración de augas residuais.

Para calquera suxestión ou eiva non dubidedes en poñervos en contacto con nós, **SI TODOS COLABORAMOS, CONSEGUIREMOS UN CONCELLO MÁIS LIMPO, E RESPECTUOSO CO MEDIO AMBIENTE.**

Grazas.